

Respirar nas marxes da páxina

Poesía Ana Luísa Amaral xoga ao collage con ritmos clásicos


Entre dois rios e outras noites ·

Ana Luísa Amaral ·

Campo

das Letras, 2007 ·

128 páx · esgotado



Con esta obra, *Entre dois rios e outras noites*, Ana Luísa Amaral fíxose merecedora neste xuño pasado do Grande Prémio de Poesía da Associação Portuguesa de Escritores. É opinión común que esta autora inflúe decisivamente na temática da poesía contemporánea de autoría feminina en Portugal. Así como é corrente para ela nas súas obras cuestionarse a orixe da poesía e a lexitimidade para escribir versos, nesta ocasión entra abertamente na reflexión metapoética a través dun recurso ben explícito: inclúe prosas poéticas entre os versos que, baixo aspecto aparente de incertas didascalías, acrecentan consideracións poéticas máis á solta, estendidas nas

marxes amplas da páxina, o que fornece momentos de respiración mansa sen os sobresaltos do verso curto.


De moitos é coñecido que Amaral gusta do xogo de reinterpretar e reescribir a literatura portuguesa, facendo dela unha parodia que ao mesmo tempo é homenaxe e crítica. Efectivamente, resaltan de modo impactante nesta obra as sonoridades clásicas do verso, así como a recorrente presenza da desprezada rima, talvez por iso unha das maiores transgresións posibles destes tempos. Estes recursos, unidos á presentación de temas sobre personaxes bíblicos (Jacob), científicas (Newton), cantantes (Vinicius) e mesmo anglicismos dá lugar a un particular collage como proposta estética principal: «E agora, o quê? Pergunto-me, interrogo-me, / faço das linhas coração. E chovo-me: / miríade em band-aids, tão veloz: / é que fico na mesma catatónica, / meio estúpida, letárgica, lacónica, / se torno em verso, e minha, a tua voz.» Proposta que, nalgún momen-

to, semella ser conscientemente o contributo da autora para a poesía da postmodernidade: «[...] a Autora Derramada, / que é de nome ausente, / como convém a post-moderna autora.» Chegando até às tentativas evidentes de versificar unha auto-poética: «Depois, tecer um anel de fogo / em torno destes versos, / cindi-los de tal forma que reste / nem palavra - só a mais depurada / sensação, epifania da mais pura dor».

Segundo a propia autora, nesta obra, organizada en seccións,

ofrece unha linguaxe máis libre que nas anteriores. Efectivamente, valoramos no libro a elaboración dunha poesía que tende á simplicidade sintáctica e plástica, que tece o poema cun verso que funciona a modo de «fio simples», mais consideramos tamén que tal soporte raras veces ofrece o folgo metafísico que pretende. Vemos, si, unha proposta que mestura ritmos clásicos con estruturas versais minimalistas, temas clásicos e antigos con asuntos modernos e cotiáns, e re-

coñecemos a vontade de entregar novas fórmulas para a época, mais os poemas tratan demasiadas veces asuntos triviais («O mundo continua mesmo em meses diferentes / de diferente sentido: / uma lua diferente mas igual, / menos redonda - a mesma / e tanta gente igual e tão diferente») ou resultan imitacións que resoan como xogos académicos non desprovistos de lustre («Do éter rarefeito veio a voz, / queixando-se das sombras na cidade»). // **Alfredo Ferreiro**



A achega de Rita Rodríguez para *Entrecruzar*. // **R. R.**